

# **DEBATE**

## **“REDIBUXANDO O ENSINO”**

*Departamento de Formación, Innovación e Internacionalización*

*5 de decembro de 2019*

## Resumo do evento

O xoves 28 de novembro ás 20:00 horas tivo lugar na librería Lila de Lilith, en Santiago de Compostela, un debate promovido polas profesoras Inma Hernán (CEIP O Coto, Negreira), Alexandra Pacheco (IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez, A Estrada) e Ana Moreiras (IES A Cachada, Boiro). O evento levaba o título “**Redibuxando o ensino. Reflexións ilustradas sobre a escola de hoxe e a de sempre**”.

O CAFI recibiu tamén unha invitación e asistiu en representación do centro Diana Pastoriza, asesora do Dept. de Formación, Innovación e Internacionalización.

As persoas asistentes eran maiormente docentes participantes no programa PIALE, estudantes do máster de mestrado e un alumno de secundaria que recibiu unha beca da Fundación Amancio Ortega para estudar o primeiro curso de Bacharelato en Canadá.

As tres docentes abriron a intervención dicindo que este debate era preciso xa que os que se promoven desde a administración adoitan ser “*encorsetados*” e liderados por supostos “*expertos*” en educación.

A **presentación oral** foi apoiada con diapositivas nas que abordaron diferentes aspectos, nomeadamente:

- Os programas PIALE, que son de enriquecemento, non de compensación e que non teñen demasiada aplicabilidade a posteriori nos centros educativos. Comentaron que botaban en falta un seguimento e avaliación institucional do impacto do programa, e expresaron o seu descontento coa falta de receptividade no centro e a rixidez das estruturas, así como cun sistema educativo que calificaron de “*hermético*”. Engadiron que no Canadá, “*parece que os cambios van máis rápidos*” e aludiron ao informe recente de Andreas Schleicher que comenta que falta unha cultura de colaboración. “Abonda de estar indo sen clave Paco Martínez Soria a ver o que fan fóra”.
- No ámbito STEM, revisando a evolución dos resultados de España en PISA, aludiron á fenda entre as competencias básicas reais e as percibidas. “*Como profesora de ámbito STEM - comentaba Ana Moreiras- percibo que andamos regular. Moitos contidos teóricos e pouca práctica*”.
- Falando de linguas, comentaron que o Decreto de Plurilingüismo do 2010 marcou un retroceso no uso do galego como lingua vehicular. O Tratamento Integrado das Linguas que a Administración quere implementar está ben, pero “*non está habendo*”.

*unha coordinación seria*". Esta queixa enfatizouse co descadre que implica nas programacións a realización de actividades darredor de conmemoracións coma as do 25N, que "*descadran a programación e levan a perder sesións*". Tamén comentaron a metodoloxía das seccións bilingües, que "*variou pouco de onte a hoxe*". "*Menos esnobismo e máis facer o plurilingüismo. É un debate que algún día terá que facer a administración*", comentaban, ao tempo que falaron da présa e do estrés ao que está sometido o alumnado e a pouca avaliación formativa que existe.

- A escola do século XXI mata a creatividade (Ken Robinson) e enfrenta, tal e como elas a conciben, os seguintes retos:
  - comunicación
  - competencia dixital
  - pensamento crítico
  - aprender a aprender
  - colaboración
  - creatividade
  - responsabilidade social e persoal
- Non hai flexibilidade para a remodelación de espazos, se ben hai centros, coma o CEIP Heroínas de Sálvora que son modélicos neste aspecto.
- Debería haber máis espazos para prover retroalimentación das actividades de formación, e que eses comentarios se tivesen en conta para futuros deseños.
- Debería haber plans personalizados e específicos de formación decididos polos centros educativos.

Despois da intervención, houbo bastantes preguntas e comentarios por parte das persoas asistentes, sen achegar apenas información nova, máis ben facéndose eco do presentado, así como sumándose á queixa.

Pola miña parte fixen un par de intervencións ao final da sesión, que se extendiu ata as 22:40 (máis de dúas horas e media) ao fío de varios aspectos, xa que non parecía oportuno abordar todos e cada un deles que ademais fiaban un discurso con certas inconsistencias e incoherencias. Os aspectos nos que nos centramos foron:

- Existen **ferramentas de avaliación** das actividades que se teñen en conta na elaboración dos novos Plan Anuais de Formación. Cómpre que o profesorado cubra as enquisas de satisfacción, especialmente os apartados referidos ao *feedback* cualitativo (os comentarios abertos), dado que son instrumentos valiosos.

- Existen eses plans de formación personalizados, que son as actividades de formación no propio centro educativo, os **PFPP**, sobre os que poden obter máis información dirixíndose ao persoal asesor de centros.
- O **Proxecto Lingüístico de Centro**, efectivamente, é un documento serio e rigoroso que debería partir dunha análise da situación lingüística real do contexto, en colaboración cos EDLG do Concello. O profesorado debería coordinarse para, entón, facer un proxecto mínimo viable que artellase todo o traballo do centro, dende as linguas e tipoloxía textual dos fondos que se adquiren para a biblioteca escolar ata grellas de avaliación de expresión escrita e oral comúns a todas as materias.

En xeral, valoramos moi positivamente a experiencia e concordamos en que foi un debate interesante. Alegrámonos de que haxa docentes que teñan un espírito crítico e afán de mellorar o sistema, así como de poder estar presentes para dar resposta a inexactitudes e ocos de coñecemento. De seguido achegamos algunhas fotografías do evento:

